

BOLETÍN DE LECTURA DE VERÁN


Chegado ao final deste longo curso, cheo de actividades, lecturas e saídas propoñemos unha serie de lecturas para que vos distendades no verán. Dentro atoparás a nosa escolma!

O NOSO FAVORITO:




REFRÉSCE E LE

REFRÉSCE E LE




Club de Lectura

Obxectivo: A Lúa.



IES CHANO PIÑEIRO

Forcarei



LECTURAS DE VERÁN... LEERANSE OU NON SE LEERÁN....!





1. **El hombre que plantaba árboles**, Jean Giono.




O Club de lectura aposta polos libros ilustrados un ano máis. Neste libro non so atoparedes unha historia escrita senón dúas máis: a que engaden as ilustracións e os desplegables; e, aquela que comple-

te a vosa imaxinación e coñecemento de mundo.

2. ¡Quiero volar!- Want to fly!, Sally Cutting. Este ano probamos por primeira vez a facer unha pequena lectura en inglés no Club e o resultado non puido ser máis satisfactorio, por iso propoñemos este conto ilustrado bilingüe. Non vos asustedes! Ata un non estudante de inglés pode entendelo.




3. Icía quere cambiar o mundo, fina Casalderrey. Este libro foi un agasallo que nos fixeron a tod@s nunha visita ao Parlamento de Galicia. Un libro sinxelo e emotivo de ler para toda a familia. Tamén está acompañado de fermosas ilustracións que nos fan soñar parte da lectura.




4. Romaría de historias, Xosé Neira Vilas. Esta obra póstuma do noso veciño de Vila de Cruces ten a aldea, a emigración e Bos Aires como elementos característicos da súa propia historia, quizás?

Eso si, todo contado con cenrta retranca galega. Recomendado a partires dos 16 anos pola súa complexidade narrativa.



5. Cuentos con cuentas, Miguel de Guzmán. Pode parecer un libro un pouco abstracto e que non ten moita relación o título co se u contido, mais é divertido levar á práctica as súas explicacións: as matemáticas están nos feitos máis cotiás da nosa vida, por exemplo, *cando facemos un bocadillo!*

6. Os dados do reloxeiro, Xurso Mariño. Despois de asistir a dúas charlas súas non nos quedaba máis que ler o libro. Paga a pena: científico e divertido.



7. ¿Qué sabes de el ser humano? Non, non é un libro de filosofía. É un xogo de cartas onde podes aprender curiosidades sobre nós, como especie humna, por exemplo, sabías que incluso cando estamos facendo nada Ou que, se vas á neve non podes levar pulseiras porque se pegan á pel? Porque ler tamén é un xogo, ou non?

